

MAL XENIO (LE REDOUTABLE)

[Michel Hazanavicius, 2017]

294

ESTREA EN NUMAX: 12.10.2017 | V.O.S.E. | +7

Le redoutable (2017, 107')

Dirección: Michel Hazanavicius

Guión: Michel Hazanavicius (Autobiografía: Anne Wiazemsky)

Elenco: Louis Garrel, Stacy Martin, Bérénice Bejo, Grégory

Gadebois, Micha Lescot, Louise Legendre

Son: Jérôme Aghion, Mélanie Blouin

Montaxe: Anne-Sophie Bion, Michel Hazanavicius

Fotografía: Guillaume Schiffman

Vestuario: Sabrina Riccardi

Dirección de arte: Nicolas Raffy

Produtoras: Les Compagnons du Cinéma, France 3 Cinéma,
Région Ile-de-France (Francia)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

The Search, 2014

The Artist, 2011

OSS 117: Perdido en Río, 2009

OSS 117: El Cairo, nido de espías, 2006

Mes amis, 1999

La classe américaine, 1993 [TV]

Derrick contre Superman, 1992

[Curtametraxe, TV]

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Sección oficial), Munich

2017 (Sección Oficial)

SINOPSE

París 1967. Durante a rodaxe do seu novo filme, o director francés Jean-Luc Godard namórase da actriz Anne Wiazemsky, 20 anos máis nova ca el. Un ano despois, tras casar con Anne e ter encontrado aparentemente a estabilidade, Godard vese sumido nunha crise existencial debido á negativa acollida do filme e aos conflitos sociais que se están a desenvolver en París.

«Retrata moi ben unha época. Recrea a súa estética, as súas cores, a súa atmosfera, seguindo a alguén namorado da transgresión»

Carlos Boyero, EL PAÍS



MAL XENIO (LE REDOUTABLE)

[Michel Hazanavicius, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Godard é unha icona dos 60, como Warhol, Muhammad Ali, Elvis ou John Lennon”

Entrevista con Michel Hazanavicius

Como te atopaches con *Un an après*, o libro orixinal de Anne Wiazemsky?

Completamente por casualidade. Tiña que coller un tren e esquecera o libro que estaba a ler nese momento. Busquei un na estación, atopei este e de inmediato vin un posíbel filme. Anne Wiazemsky escribiu dous libros sobre a súa historia de amor con Jean-Luc Godard, *Un año ajetreado* fala do comezo da relación, a forma en que este home encantador e complexo á vez dá os seus primeiros pasos nunha gran familia gaullista — Anne era neta de François Mauriac — até a recepción de *La Chinoise* (1967) no Festival de Aviñón en 1967. *Un an après* fala do Maio de 1968, a crise que Godard sufriu, a súa radicalización, a desintegración do seu matrimonio e de si propio. Estaba moi conmovido pola súa historia, atopeina orixinal, emocionante, sexy e simplemente fermosa.

A primeira vista, é bastante sorprendente ver que dedicas un filme a Godard. Podo entendelo, pero non considero este filme tan inesperado ou atípico. Por suposto, Godard é un tema particularmente complexo. Pero unha das cousas que me interesaron e

axudaron a crer que este filme era posíbel foi que Godard, sendo un grande artista cunha reputación difícil é en si propio un icona da cultura pop. É unha das figuras clave dos anos sesenta, tanto como Andy Warhol, Muhammad Ali, Elvis ou John Lennon. Pertence ao imaxinario popular. A través del podemos abordar temas e aspectos comúns a todos nós. O amor, a creación, a política, o orgullo, os celos, etc. El nunca foi sinxelo, nunca tratou de ser agradábel. Isto convérteo nun personaxe complexo e humano, o que permite unha gran liberdade narrativa.

Agás ao comezo e ao remate do filme non se mostra a Godard a traballar no set. Por que?

En primeiro lugar porque non é un filme sobre Godard, é unha historia de amor. A idea non era facer unha tese sobre Godard, nin un biopic, senón algo máis. Un director non é un saltador de altura. Non hai un momento en que de socato todo cristaliza e culmina nunha gran fazaña abraiante. É un largo e duro camiño... E se filmase a Godard no traballo tería que rodealo de actores con algún parecido cos orixinais: Jean-Pierre Léaud, Raoul Coutard, Jeanne Moreau, François Truffaut... E eu non quería iso.

Que tipo de relación tes co cinema de Godard?

Cando era novo encantábame *Al final de la escapada* (1960), a súa incríbel enerxía, as súas míticas frases, a brillante presenza de Belmondo... Logo, encantáronme os filmes do período de Anna Karina. Porén, en Godard non importa tanto un filme ou outro, ningún é perfecto ao xeito dos de Billy Wilder, Ernst Lubitsch ou Stanley Kubrick. Máis ben

é a súa traxectoria o que un debe seguir. E esta traxectoria é única, en constante evolución, continuamente redefinida.

Godard tivo unha encantadora primeira década: os anos sesenta. Por suposto, vin ou revisei todos os seus filmes dese período. Respiran liberdade e permanecen deliciosamente audaces e modernos. Sorprendeume unha cousa, mentres el rexeitaba o realismo que se atopa en Truffaut ou Chabrol, os seus filmes deixan hoxe unha impresión de realidade insuperábel. En canto aos filmes dos anos setenta, aínda que comprendo o enfoque intelectual, debo admitir que me resulta difícil velos. Véxoas como pedrías colocadas ao longo dun camiño, sucesivas etapas ao longo dunha reflexión prolongada que perdura até os nosos días.

Agardas algún tipo de reacción de Jean-Luc Godard?

Antes da rodaxe, envíelle unha carta. Non respondeu. Logo fixo saber que quería ler o guión. Envíello. Sen resposta. Suxerílle que vise o filme. Houbo alguén que respondeu que non quería velo. Dito isto, non é imposible que nalgún momento saia cunha das súas consignas, palabras que me cubrirán de vergoña. Xa veremos. Ao mesmo tempo estou encantado co filme e, se tivera que elixir, preferiría un filme meu sobre Godard que un de Godard sobre min, aínda que iso sería unha deliciosa vinganza.

Publicado en www.vertigofilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Un an après, Anne Wiazemsky. Gallimard, 2014

Un año ajetreado, Anne Wiazemsky

Anagrama, 2015

Une année studieuse, Anne Wiazemsky

Gallimard, 2013

La joven, Anne Wiazemsky. El Aleph, 2008

La chinoise, Jean-Luc Godard.

A contracorrientefilms [DVD]

The Artist, Michel Hazanavicius. Cameo [DVD]

A propósito de Godard, Harun Farocki & Kaja Silverman. Caja Negra, 2016

Al final de la escapada, Jean-Luc Godard.

Universal [BluRay]

Godard, retrato de un artista de los setenta, Colin McCabe. Seix Barral, 2005

Jean-Luc Godard y Anne-Marie Miéville:

Ensayos. Intermedio [DVD]

Numéro Trois: Variations sur Numéro Deux de

Jean-Luc Godard, VV.AA. a.p.r.e.s éditions, 2013

Nadie como Godard, Alain Bergala. Paidós, 2003

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX